



TUNE, A REDE EUROPEA DE ESTUDOS DE GRAO EN MÚSICA TRADICIONAL, ORGANIZA A SÚA CUARTA *INTENSIVE WEEK* NO CONSERVATORIO SUPERIOR DE VIGO PARA PROMOVER A MÚSICA TRADICIONAL.

Vigo converterase do 16 ao 20 de outubro na capital europea da música tradicional.

Vigo, 11 de outubro de 2023

Do **16 ao 20 de outubro**, TUNE aterra en Vigo para desenvolver a súa cuarta Semana Intensiva acollendo a estudantes e profesores de música tradicional de institucións dos cinco países que participan neste proxecto Erasmus+: **Estonia, España, Francia, Grecia e Noruega**. O **Conservatorio Superior de Música** de Vigo terá o privilexio de representar a España, e a cidade de Vigo converterase no gran escaparate da cultura tradicional galega para Europa.

Durante 5 días, TUNE terá como protagonistas a uns **50 músicos** estonianos, galegos, franceses, gregos e noruegueses que se reunirán na cidade olívica para intercambiar coñecementos sobre as tradicións musicais europeas a través de talleres, conferencias e concertos. Aínda que a maioría destas actividades realizaranse exclusivamente para os participantes, **o público terá ocasión de gozar desta experiencia en dous concertos abertos e de balde.**

CONCERTOS ABERTOS AO PÚBLICO

Como colofón, durante as últimas dúas xornadas da Intensive Week celebraranse concertos de acceso libre e gratuito para o público, nos que brillará a diversidade cultural europea a cargo dos integrantes de TUNE dos cinco países.

O **19 de outubro ás 20:00h no Auditorio Martín Códax** do Conservatorio Superior de Vigo, o concerto será a cargo de cinco agrupacións mixtas (Mixed Ensembles), cada unha integrada por cinco intérpretes (un músico de cada país), onde se fusionarán músicas baseadas en temas e ritmos de cada nacionalidade.

Como acto de clausura o **20 de outubro ás 20:00h na Praza da Porta do Sol de Vigo**, actuarán as agrupacións nacionais interpretando as músicas tradicionais de cada país, así como unha orquestra tradicional formada por todos os participantes neste encontro; unha ocasión única para gozar e coñecer a cultura tradicional europea

a través da música. En caso de chuvia este concerto trasladarase ao Auditorio do Conservatorio Superior.

TALLERES, CONCERTOS E VISITAS DESTINADOS AOS PARTICIPANTES DE TUNE

Durante esta semana Intensiva os participantes nutriranse da cultura galega e europea con **seis talleres** sobre música tradicional:

1. **“Creación en Canto Polifónico” por Jakes Aymonino.** Neste taller a única linguaxe existente é o musical a través do canto. Construirase unha polifonía a partir de diferentes elementos musicais a partir da oralidade e a creatividade, ademais da utilización dunha colección de cancións tradicionais de diferentes países para buscar propostas melódicas e rítmicas.
2. **“Danza Tradicional Noruega” por Ragnhild Furholt.** Este taller céntrase na danza tradicional e rítmica do país nórdico. Os participantes aprenderán pasos básicos e coreografías que reflicten a rica herdanza cultural de Noruega.
3. **“Canto Tradicional Galego” por Carme López.** Achegamento ao canto de tradición oral galega a través das melodías acompañadas con percusión de man para coñecer a conexión entre o canto e o ritmo nas músicas destinadas ao baile.
4. **“Fiddle Galego” por Alfonso Franco Vázquez.** Presentación dos principais golpes de arco e adornos empregados no violín para reproducir os distintos ritmos e interpretar os principais xéneros da música tradicional galega.
5. **“Fiddle en Estonia” por Kelly Veinberg.** Introducción á historia e as principais características de estilo sobre a música tradicional estoniana para violín. Presentaranse melodías populares e traballaranse diversos aspectos, como o movemento do arco, o uso de cordas ao aire, dobres cordas etc.
6. **“Percusión Tradicional Galega: Enfoque Práctico”** por Carlos Castro. Aproximación aos principais instrumentos tradicionais galegos como a pandeireta, o tamboril, o bombo, o pandeiro e as cunchas. Mostrarase como obter os diferentes tipos de sons con cada un para tocar algúns ritmos básicos como muiñeira, xota ou rumba.

O Castelo de Soutomaior será o escenario o 17 de outubro, dun taller de danza e un espectáculo de música e danza protagonizado por **O Fiadeiro**, un dos maiores expoñentes da música galega e quen vén de celebrar os seus 25 anos de traxectoria,



conservando e transmitindo ás novas xeracións o legado da cultura inmaterial da tradición galega.

Finalmente, como parte destas actividades dirixidas a mostrar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, os participantes en TUNE realizarán unha **visita a Santiago de Compostela** o mércores 18 de outubro, onde visitarán o **Museo do Pobo Galego**, a **Catedral** e a **cidade histórica**.

SOBRE TUNE

TUNE, Traditional Music Undergraduate Network Europe, é un proxecto de asociación para a cooperación Erasmus+ de tres anos de duración (2021-2024). O seu obxectivo é promover a colaboración estratéxica entre cinco institucións europeas de ensino superior de música mediante o desenvolvemento dun innovador módulo de música tradicional, baseado no concepto de mobilidade combinada. As institucións de Estonia, España, Francia, Grecia e Noruega aspiran a conectar e enriquecer as experiencias académicas dos estudantes de música do continente.

TUNE pretende fomentar o desenvolvemento da competencia intercultural entre os estudantes a través dun módulo universitario común (Joint Module) sobre música tradicional: European Traditional Musics Beyond Borders. Ademais, está a implementarse a Online Platform for Learning, Teaching and Musical Exchange, unha plataforma dixital que fomenta a colaboración e o intercambio entre estudantes e docentes dos centros participantes, ao longo do ano académico, con eventos semestrais que inclúen talleres, conferencias e concertos.

Máis aló dun mero intercambio académico puntual, TUNE pretende ser unha plataforma para desenvolver competencias interculturais, concienciar sobre a identidade e patrimonio cultural europeo e mellorar a empregabilidade dos estudantes mediante a oportunidade de crear unha rede profesional europea e desenvolver competencias e habilidades dixitais.

TUNE está formado por 6 institucións europeas: a AEEC (Asociación Europea de Conservatorios, Academias de Música e Musikhochschulen), a Academia de Cultura Viljandi da Universidade de Tartu (Estonia), o Departamento de Estudos Musicais da Universidade de Ioannina (Grecia), a Universidade South-Eastern Norway (Noruega), o centro de ensinos superiores Pôle Aliénor (Francia) e o Conservatorio Superior de Música de Vigo (España).

A organización da Intensive Week en Vigo conta co patrocinio e a colaboración da Comisión Europea a través da Axencia Erasmus Noruega, a Xunta de Galicia, a



Deputación de Pontevedra, o Museo do Pobo Galego e o Conservatorio Superior de Música de Vigo, como anfitrión do evento.

FOTOS NOTA DE PRENSA 11/10/23:

https://drive.google.com/drive/folders/1ugUI29I4FQ6v3-Wxo90KQHPT34MQm_4U?usp=sharing

KIT DE PRENSA:

<https://drive.google.com/drive/folders/14ivke6w4PBOhhNWvqmHAKb1-cCc9MAWB?usp=sharing>

CONTACTO: Andrea González / andrea.glez.perez@csmvigo.com / +34 625 617 498

WWW.TUNEMUSICNETWORK.EU



TRADITIONAL MUSIC
UNDERGRADUATE NETWORK
IN EUROPE